

MEU LÉREZ: embarcacións no río

Lino J. Pazos



Pataches

Arrincaba o século XX coas asiduas recaladas dos pataches e pailebotes que cargaban madeira procesada, táboas e taboleiros, do serradoiro de Fonseca, ou de galeóns de considerable porte que descargaban **áridos nos peiraos da Moureira, cargaban piñeiro en rolo nos do Burgo, ou alixaban carbón e sal nas Corbaceiras** onde cargarían barrís con salgadura, entre outras mercadorías.

O río como lugar de encontro.

Primeiro as obras, e despois a inauguración do complexo hostaleiro ou de baños de Casimiro Gómez, o 22 de agosto de 1906, levaron augas arriba do Lérez a numerosos visitantes, que chegaban a facer equilibrios para non caer á auga dado o abarrote que supuxo a festa... Por certo, nunca vin outro caso como este, do antigo e magnífico edificio, non quedou nin unha pedra, nin rastro, posiblemente utilizadas na construción de parte do pazo da *Granja Buenos Aires*, que unha vez desmontada nos anos 70 do século pasado, serían reaproveitadas para levantar a igrexa de Combarro... as voltas que dá a vida...

Eu creo que dos primeiros que temos documentos gráficos recreándose nos seus salóns (neses remansos de prata aos que cantaba Viñas Calvo) foron os Karepas, que a bordo das súas embarcacións remontaban as augas do Lérez á forza de remos para merendar nas súas beiras...

Os famosos *Karepas*, que fundaron o seu club en 1917 (agora teñen a súa sede na *Domus Zúñiga*, detrás da igrexa da Peregrina), todos eles membros da alta, ou medio alta, sociedade

pontevedresa (PTVs), facían gala do seu empeño e coraxe poñéndose aos remos do seu bote de case nove metros de eslora, ao que denominaron *La Reina*, debido a que, parece ser, durante unha visita rexia á cidade a señora achegouse ao barco, ao que bautizaron co *monárquico* nome (creo que antes se chamaba *Xouba*); estamos a falar dos anos dez-vinte do século pasado... A "xira" levábaos ata o que quedaba neses anos do Balneario, onde celebraban as súas festivas reunións.

Pero o río tivo outras actividades, ademais das lúdicas. Entre os anos cincuenta e oitenta o crecemento da construción en Pontevedra multiplicou por mil a necesidade de materias primas para levantar a nova cidade, e iso deu pé a que a frota que extraía a necesaria area do leito do Lérez crecese exponencialmente, utilizando nun principio simples gabarras cargadas a man por hercúleos homes, e algunhas mulleres tan fortes como eles, aproveitando a marea baixa; primeiro para poder utilizar a pa coa que se recollía a area do fondo e dun impulso lanzala á embarcación, unha especie de enorme



O balneario en todo o seu esplendor, fotografía Joaquín Pintos



Neste desembarcadiro aprendín eu a nadar, da man de Carlos Bueno, Jorge Alonso Gasalla ou Arturo Juíz, alá polos primeiros anos da década dos sesenta, Fotografía cedida para este traballo por Luis M^o Losada, Colec. Domus Zúñiga.

caixón de madeira que permitía que a auga que contiña o árido saíse polas costuras do mesmo e, unha vez completada a carga, na que adoitaban investir unhas dúas horas (que duraba a baixamar co seu repunte), aproveitar a forza da corrente que producía a subida da marea para, cunha sinxela pértega, ou empregando unha chalana, impulsala ou remolcala ata o seu desembarcadiro, que se atopaba, o que eu recordo, enfronte mesmo do que fose porta da fábrica de Tafisa (había dous ou tres empresarios que tiñan as súas cheas de area diferenciadas entre elas por un espazo baleiro).

Entre aqueles superhombres que cargaban as gabarras, gustaríame citar a un en particular, *multiempregado* que traballou tamén no negocio dos meus pais e

que a solicitude miña salvoulle a vida ao meu bo amigo Pablo Alonso, un veciño da praciña de *Bos Aires*, á beira do Borrón, logo Maxisterio e agora colexio Vidal Portela, que, lanzando lastras á auga, para o que utilizabamos un arame a modo de onda, saíu voando e caeu ao río. Este home, unha vez avisado, non dubidou en lanzarse á auga e rescatar ao rapaz, duns oito ou nove anos.

Tratábase de Luciano, O Lagüeiro, home atractivo, forte, cun bigote ao Clark Gable, moi enamorado, actitude esta que o meteu en máis dunha disputa, e que acabaría a súa vida enfermo de silicose por irse en busca do Dourado ás minas de Asturias.

A extracción de area, como todo na vida, foi evolucionando á vez que



Areiro fronte á porta de Tafisa

coas novas técnicas comíanse os illotes que había neste primeiro tramo do río, un fronte á curva de Tafisa, e os outros dous diante da costa de Baldomero, por onde este personaxe (Juanciño) pasaba as súas vacas para pastar no que nós sempre chamabamos *Xunqueira*, agora illa do Cobo, ou das Esculturas, chea de xuncos, intransitable ante os nosos pés descalzos.

Tratábase de barcos de determinada tonelaxe que incluían canxiróns en rosario que chegaban a facer pozos moi perigosos para os nenos que utilizabamos o río para pescar ou bañarnos, cambiando a fisonomía do fondo ata convertelo nunha sucesión de traioeirás pozas de máis ou menos profundidade...

Chegaba a mecanización...! e mentres antes Luciano cantaba ou asubiaba cando cargaba a gabarra, agora o ruído de enferruxados ferros empurrados por un vello motor de gasolina, era insoportable... Máis tarde virían as dragas de succión, determinando a fin dunha época.

Un dos galeóns máis activos nos anos sesenta/setenta era o que explotaba a señora Obdulía, muller heroica que sacou adiante a súa familia contra vento e marea, nunca mellor dito, e que cargaba a man o seu barco axudada por algún dos seus fillos, de carácter agre pero dunha bondade exquisita cos nenos que rebulíamos arredor do barco axudando a tirar ou amollar o cabo de fondeo que íamos cobrando ou *lascando* (afrouxando) de cando en vez para poder extraer a area con maior facilidade.

Os restos deste barco, que navegou, ou, para ser máis exactos, arrastrouse polo río, durante ducias de anos, aínda emerxen nas inmediacións da praia fluvial, podendo observarse o codaste, falsa quilla, cuadernas..., xa desmoronadas sobre a lama.

Os barcos, arrombados por falta de negocio para os seus armadores, que á vez, ou en case todos os casos, eran patróns e obreiros ao mesmo tempo, fóronse podrendo aos poucos, sempre á espera dun novo frete, esperando que as incontables obras necesitasen da súa participación, pero inventáranse unhas máquinas que machucaban a pedra sobrante das canteiras ata convertela en area, mala, si, pero area, e xa non foron necesarios os seus servizos; xa non volverían navegar, e as súas cadernas irían cedendo ás arremetidas do río, desfondándose nos seus fondeadoiros.

As beiras do río eran utilizadas noutros tempos (non tan afastados) para comerciar e transportar mercadorías, etc., e, para acceder a barcos e peiraos, constrúense varias ramplas e escaleiras, que se fixeron desaparecer torpemente coa ampliación da Avd. Bos Aires; alguén se imaxina o Sena sen acceso ao seu leito...

Debido ás obras de acondicionamento desta rúa que discorre paralela ao río, seláronse con formigón as ramplas e escaleiras desta beira do Lérez, das que recordo, desde a ponte do Burgo, río arriba; a rampla onde se descargaba a pesca que se vendía á primeira hora na lonxa que atendía a familia Reyes (coñecín a **Cándida**), na mismísima praza de abastos, logo, outra máis longa, un pouco máis adiante unhas escaleiras, xusto onde desemboca a rúa *Padre Amoedo*, outra rampla diante do antigo galpón no que esperaban os animais que ían destinados ao matadoiro e gardábanse despois as súas recendentes peles, e logo as escaleiras que había na primeira curva pasando o Borrón, onde se formara unha plataforma de terra na que, con vontade de ferro, traballaba un home que vendía pedra machucada cun simple mazo para obras e estradas; aos seus pés



Leopoldo Torres e Eladio Vidal, a bordo dunha San Miguel, fotografía cedida para este traballo por Tere Torres

perdeuse para sempre un dos galeóns do Lérez, do que descoñezo o nome, pero que conservaba o seu motor, posiblemente un Pazó de primeira xeración....

Tamén os veciños de Pontevedra merodeaban polo Lérez, non coñecemos álbum familiar que se prece que non teña algunha que outra foto sobre aquelas xiras campestres que sempre terminaban nunha merendola na segunda chaira, pasada a ponte do ferrocarril, ou sexa onde se celebra o San Benito de Lérez, que une as súas beiras... Río abaixo

O Club Naval, era o xerme que influiría nos que abandonamos o fútbol para envorcarnos nas afeccións náuticas, eu fíxenme socio en 1968... Ao final da década dos sesenta, o pañol do club estaba gobernado con man férrea por Kitika,

gran coñecedor do río, que primeiro aconsellaba de boas maneiras o importante que era ter en conta as mareas, para non ter que bogar contra corrente, por exemplo, pero se chegabas tarde, cun estrobo roto, e xa non digamos sen o rezón ou fendido un remo, miúda rifa nos caía... había que levarse ben con el. Kitika falecería en 2018, poucos días despois de entrevistalo.

Por certo, o 19 de febreiro de 1981 produciuse un aparatoso incendio que, parece ser, comezou nos talleres da empresa *Viajes Rascado*, que se estendeu rapidamente ás instalacións do Club Naval onde se gardaban motores *foraborda*, cos seus depósitos de gasolina, e algunhas embarcacións, quedando todo destruído polo lume; entre os barcos que se perderon atopábase o do meu bo amigo Vicente Olmos, nomeado *Axtérix*.



O Axtérix, de Vicente Olmos, perdido no lume